

Código Cero

Diario de Novas Tecnolóxicas de Galicia

O blog Caderno de Crítica, de novo premiado pola AELG

Iuns 11 de maio do 2015, por Redacción |

| Compartir |



8+1

0

A Asociación de Escritoras e Escritores en Língua Galega (AELG) vén de dar a coñecer as obras e autores distinguidas na edición 2015 dos Premios AELG. Entre as achegas recoñecidas atopamos un ano máis a Ramón Nicolás polo seu blog sobre literatura galega *Caderno da crítica*, espazo web xa distinguido dende 2013 en adiante pola asociación, tal e como fixemos saber no seu día dende Código

Cero. Nicolás, profesor de lingua e literatura galega, crítico e tradutor, é desde hai anos unha referencia en materia de promoción das nosas letras (e a nosa Redé), actividade materializada no suplemento *Fugas* de La Voz e, sobre todo, no devandito blog galardoado pola AELG, dende o que dá conta das principais novedades literarias galegas cunha linguaxe accesible e directa.

A AELG entregou os seus recoñecementos na Gala das Letras, celebrada no Círculo das Artes de Lugo. No acto tamén se deu a coñecer que a novela *A viaxe de Gagarin* de Agustín Fernández Paz foi elixida como o mellor título de 2014 en narrativa polos centos de socios e socias. A continuación, incluímos a listaxe completa de premiadas e premiados:

Mellor tradución: Darío Xohán Cabana por *A Divina Comedia*, de Edicións da Curuxa.

Mellor obra de teatro: *Obras completas. Volume IV*, de Roberto Vidal Bolaño en Edicións Positivas.

Mellor ensaio: Helena Miguélez-Carballeira por *Galiza, um povo sentimental? Género, política e cultura no imaginario nacional galego*, de Através Editora.

Mellor obra narrativa: Agustín Fernández Paz por *A viaxe de Gagarin*, de Edicións Xerais.

Mellor obra de poesía: *A distancia do tambor* de Eva Veiga, en Espiral Maior.

Mellor blog literario: *Caderno de crítica* de Ramón Nicolás

Mellor obra de Literatura Infanto-Xuvenil: *Penúltimas tendencias* de Carlos Negro, de Edicións Xerais.

Mellor traxectoria en xornalismo cultural: Montse Dopico.

Premio Bos e Xenerosos: Xosé María Palmeiro, Manuel Lombao, Tareixa Navaza, Margarita Ledo.

Premio Institución Culturais: Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia e a Asociación de Medios en Galego.

Premio Mestras-es da Memoria: Josefa Arias e Emilio do Pando.

Escritor Galego Universal 2015: Luiz Ruffato.



CADERNO DA CRÍTICA

Llibros e lecturas. Blogue de Ramón Nicolás



35 cabodano de Celso Emilio Ferreiro

Para entusiar este novo año -grazas a bloguiza por axiellarme tanto tempo-, no que se quedaron os ataporedes desde agora, nada mellor que se lembrar de Celso Emilio Ferreiro no ...

Seguir lendo →



Cuestionario Proust: Marcos Calveiro

Marcos Calveiro 1.- Principal trazo do seu carácter? A velozmancia. 2.- Que calidade aprecia máis nas persoas? -A mestiza. 3.- Que agarda das súas amizades? -Levállas a contraria. 4.- A ...

Seguir lendo →